



Reforma dos grupos de Endesa

Unha norma de Europa, publicada a finais de 2010, obriga a reformas nas grandes instalacións de combustión, como a central de Endesa, para adaptarse a novos límites de contaminación; e para decidir esta actuación, que podería supor un investimento de varios centos de millóns de euros, a empresa ten até outubro de 2015 ou, de non facela, terá que pechala no ano 2023 ou despois de funcionar 17.500 horas.

Cos durísimos datos de paro e a tremenda perda de poboación neste pobo, esta actuación vai ser vital para que As Pontes manteña un mínimo de economía produtiva, e non só por que garanta o futuro da instalación, senón porque **a propia reforma significa un número importante de postos de traballo que tanto precisamos nestes momentos**, por iso faise imperioso clarificar o futuro, non se pode permanecer de espectadores cando noutros lugares estánse a realizar mobilizacións para acoller, canto antes, investimentos semellantes.

Ademais, non é previsible que Endesa acometa a reforma de todas as súas centrais de carbón, polo que, determinadas organizacións e institucións están exercendo presións para comprometer os investimentos no seu territorio e, pola contra, en As Pontes mantemos un perigoso silencio.

Almería e Andorra

No caso da Central de Almería, Endesa xa aprobou, en febreiro deste ano, un investimento de 200 millóns de euros, **que xerará 800 postos de traballo durante máis dun ano.**

En Andorra véñense aprobando mocións, tanto no Concello –gobernado por Izquierda Unida– como no Parlamento Autonómico, **demandándolle a Endesa que realice xa a modificación dos grupos térmicos**, mesmo hai uns meses realizouse unha manifestación, por este motivo, convocada por CCOO e UGT.

As Pontes e Galiza

No Parlamento Galego o grupo de AGE (Izquierda Unida e Anova), levou a votación unha resolución que, textualmente, dicía: “O Parlamento insta ao Goberno galego a elaborar un Plan de Substitución e Eliminación progresiva das fontes de enerxía fortemente contaminantes, que terá **como un dos obxectivos principais a progresiva substitución das plantas térmicas de Meirama e As Pontes**,no horizonte do ano 2023”.

É dicir, pechar a térmica de As Pontes, pois semella que as térmicas contaminan en Galiza pero non no resto do Estado –onde Izquierda Unida defende reiteradamente o uso do carbón tanto en Aragón, como en Asturias e Castela León–.

Por outra banda, o PP complica máis a nosa situación coa aprobación do novo Plan do Carbón - que non inclúe a Galiza-, non só ao favorecer ao carbón español contra do importado, mais tamén ao contemplar axudas estatais ao resto de centrais para acometer as reformas.

Fai case que un ano, nunha declaración do Concello, o BNG tentou incluír a **demanda a Endesa para que na súa decisión tivera en conta os inxentes beneficios obtidos en As Pontes e a súa responsabilidade e débeda, tamén con Galiza**, mais o resto de grupos políticos afirmaron que non era o momento; logo, cando?.

O Goberno Municipal de As Pontes debería poñer este tema na súa axenda política, como xa o está a facer o BNG nas institucións; xogámonos moito para o futuro e a reforma dos grupos sería unha enorme axuda no presente para a creación de emprego.

--oo0oo--

Se queres recibir o Voceiro do BNG no teu correo electrónico, envíanos a túa solicitude a: **aspontes@bng-galiza.org**